

Memoria xustificativa da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio Emigración e a Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo, coa finalidade de contribuír á atención das necesidades asistenciais básicas da cidadanía galega acollida no centro de asistencia social de Sao Paulo (Brasil)

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O seu artigo 49 establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegidade; en particular, son competencias desta secretaria xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

O 15 de abril de 2025 a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo (Brasil), asinaron un convenio que ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento do custo derivado da asistencia ás persoas galegas acollidas no centro de asistencia social da sociedade.

Na cláusula cuarta do convenio establécese unha achega económica da Secretaría Xeral da Emigración por un importe de vinte mil euros (20.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025

A Sociedade Beneficente de Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, é unha entidade sen fins de lucro, rexistrada como centro colaborador no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración. Posúe un centro de asistencia social, que é unha obra de beneficencia, inaugurado o 22 de febreiro do 1983 para a acollida e apoio socio-asistencial de persoas maiores e dependentes, a través da súa atención integral con servizos de carácter preventivo, de saúde e asistenciais, dirixidos a procurar un envellecemento saudable. Desta actividade benefíciase a colectividade de orixe galega residente na cidade de Sao Paulo e municipalidades limítrofes que se atopa nunha situación de necesidade.

Debido á situación social, política e económica pola que está a atravesar o país e sobre todo ao aumento do custo dos gastos de funcionamento do centro, a Sociedade Beneficente



Rosalía de Castro de Sao Paulo ten graves dificultades co financiamento previsto inicialmente neste ano para o mantemento do centro de asistencia social, polo que, co fin de seguir prestando a atención necesaria ás persoas galegas acollidas alí, é preciso incrementar o importe da achega en 10.000€.

Xa que logo, tendo en conta a addenda, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de trinta mil euros (30.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

